

Sr. Alcalde-Presidente do CONCELLO DE PARADELA(LUGO)

BALDOMERO IGLESIAS DOBARRIO (MERO), XOSÉ LUÍS RIVAS CRUZ (MINI), SANTIAGO RODRÍGUEZ LÓPEZ e XULIO XIZ RAMIL, vencellados a Paradela por raíces familiares, lazos de amizade, ou labor cultural,

EXPOÑEMOS:

O Concello de Paradela tense distinguido en honrar ás persoas nadas nese Concello con relevantes feitos no eido cultural ou social, acreditando preocupación certa por honrar ós que fan a esta terra máis grande co seu traballo, levando o nome de Paradela nos beizos e nos feitos.

Unha das persoas de Paradela que máis se ten distinguido polo seu labor social, relixioso e humano é XESÚS MATO MATO, nado no lugar de Cabo de Vila (ten asinado numerosos artigos como XESÚS CABODEVILA), protagonista de innumerables feitos culturais e sociais.

XESÚS MATO é o responsable directo de que hai máis dun cuarto de século nacesse FUXAN OS VENTOS, grupo mítico no rexurdir da música e canción populares galegas, que debe o nome precisamente a unha canción do mesmo título deste crego paradelense.

XESÚS MATO é directo responsable do nacemento e traxectoria de AUXILIA, a entidade lucense de defensa, promoción e potenciación dos minusválidos, con máis de 25 anos de existencia, desenvolvendo un tan importante labor que ten acadado un posto de honra no eido do traballo social e de dignificación humana no presente século en Lugo e en toda Galicia, conseguindo que un colectivo tan cheo de problemas solucione tódolos aspectos que teñen solución humana.

XESÚS MATO -en fin- foi responsable hai moitos anos, como

.../...

.../...

crego de Lalín, da promoción de vivendas sociais para xente humilde; da programación socio-relixiosa de Radio Popular de Lugo; das campañas de rescate do Nadal que se lembran co nome de "Galicia canta ó neno"; da recopilación e espallamento de centos e centos de cancións populares que doutro xeito quedarían esquecidas; de innumerables colaboracións nos medios de comunicación sobre temas relixiosos e sociais; de corenta anos de vida de crego dado ós demais que cristalizan nestes últimos anos na súa voluntaria adicación ás xentes da montaña lucense ás que acode a atender tódalas fins de semana... E sempre, poñendo por diante que el "é de Paradela".

Por eso - e por moito máis, que moito máis hai que recoñecer a este paradelense ilustre - os abaixo asinantes, amigos de Xesús Mato e de Paradela, que moita da nosa relación con Paradela ten a razón de ser primeira en Mato, a través del, e pola constante presenza desa terra na súa idea, na súa palabra e na súa escrita, dirixímonos ó Concello de Paradela, e

SOLICITAMOS:

que, previos os trámites que se estimen convenientes, o **CONCELLO DE PARADELA** nomee **FILLO PREDILECTO DO CONCELLO DE PARADELA a XESÚS MATO MATO.**

Lugo, a 25 de febreiro de 2000

Baldomero Iglesias Dobarrio(Mero) Xosé Luís Rivas Cruz(Mini)

Santiago Rodríguez López

Xulio Xiz Ramil